

Boa tarde:

Dos recoñecementos que pode recibir polo seu traballo un arquitecto, e eu o son, hai dous que o enchen dunha satisfacción moi especial.

O primeiro é o que emana dos usuarios das obras, cando amosan a súa lelicia por habitar os espazos que proxectaches e construíches para eles coa ambición de que se sentisen a gusto habitándoos.

O segundo é o que chega desde os teus compañeiros de profesión, como sucede neste caso, compensándote das mil e unha batallas que nos vemos obrigados a librar no exercicio do noso traballo, tanto no terreo da estética coma no da ética, para saírmos indemnes e satisfeitos persoal e profesionalmente dese campo minado onde adoita desenvolverse o exercicio da arquitectura. Cada día, cada hora, en cada obra, non nos queda outra que tomar decisións difíciles para esquivar e evitar o mal gusto e os intentos de especulación que van aflorando; o cal, ben o sabedes, non é tarefa fácil.

Por iso é unha grande honra que o Colexio de Arquitectos de Galicia premie a miña traxectoria profesional, e non me queda outra que agradecerllo.

E non quería, nun día coma o de hoxe, cando se fala de traxectorias profesionais, deixar de mencionar os colaboradores necesarios, ou mellor dito imprescindibles, no desempeño dos diferentes apartados e funcións do noso traballo: dende a toma de datos básicos, ata a conversión dunha idea en proxecto, e a dirección de obra...

Noutros campos, coma o da música, á hora dun concerto, ou o do cine, cando se roda unha película, a presenza de músicos ou actores é máis visible, e non concibimos que, sen eles, o director da orquestra poida ofrecer un concerto ou, quen a dirixe, poida realizar unha película.

Eu non lembro ter feito nunca ningunha das miñas obras só. Sempre contei co apoio doutra arquitecta ou doutro arquitecto,

dun aparellador ou aparelladora, de delineantes, de enxeñeiros ou enxeñeiras de estruturas e instalacións, de secretaria, de xefes ou encargados de obra... e un longo etcétera sen cuxa colaboración poñer en pé cada proxecto sería, simplemente, misión imposible. Por iso quero facer extensivo a todos eles este recoñecemento.

Moitas grazas á Xunta de Goberno do COAG, na que tiveron a honra de ser o seu Primeiro Secretario, na década dos 70 do século pasado, compartindo o reto de poñelo en marcha co seu Primeiro Decano, Andrés Fernández-Albalat Lois, gran persoa e grande arquitecto, e mais co seu sucesor, Xosé Bar Bóo, tamén gran persoa e grande arquitecto. Igualmente quero mencionar a Juan González-Cebrián, daquela Presidente do Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España. Os tres, ademais de moi bos profesionais e grandes amigos meus, artífices da creación do Colexio de Arquitectos de Galicia, ata entón integrado no de León, Asturias e Galicia.

Finalmente, non podo deixar de citar a Javier Suances Pereiro, tamén grande arquitecto e persoa, que formou parte daquela primeira Xunta de Goberno do COAG e que hoxe nos acompaña. Máis nada. Moitas grazas a todos vós, os aquí presentes neste escenario, o Pazo de Baión, que ademais da súa beleza produce unha uva coa que se fai un viño albariño marabilloso. E xa sabedes o que se di: "O bo viño é o mellor amigo do home". Penso que hoxe pode ser unha boa ocasión para comprobalo.

Baión, 25 de setembro de 2021

CÉSAR PORTELA FERNÁNDEZ-JARDÓN